

## A AVV de Covas distingue a Diario de Ferrol co premio “Veciño de Honra”

### REDACCIÓN > FERROL

*Diario de Ferrol recibía onte en Covas a distinción “Veciño de Honra 2009”, un galardón que anualmente entrega a AVV a unha persoa ou institución que ó longo do ano destacase polo seu apoio ó labor que desenvolve a asociación. En nome do rotativo recollía o premio o director Germán Castro. A entrega fíxose durante a inauguración das festas de verán da zona.*

As festas de verán de Covas arrancaron onte coa lectura do pregón inaugural a cargo do vicepresidente da Deputación da Coruña, Pablo Villamar, e a entrega da distinción “Veciño de Honra” a Diario de Ferrol. Pero a cousa non rematou aí. Nesta primeira xornada festiva houbo tempo tamén para as exposicións, as charlas e incluso para a gastronomía. Un completo programa que foi só un anticipo do que se vivirá en Covas ó longo dos próximos meses.

Ás sete da tarde, Pablo Villamar daba o pistoletazo de saída coa lectura dun pregón no que destacou principalmente os valores turísticos, patrimoniais e medioambientais de Covas. Falou tamén de todos os eventos culturais que desenvolve a parroquia ó longo do ano destacando o carácter aberto dos seus veciños que, especialmente en verán, ábrense para recibir a milleiros de turistas que se achegan ata o lugar para gozar dos seus atractivos. A continuación Germán Castro, director de DF, recibía de mans da galardoada do ano pasado, Yolanda Díaz, a distinción de “Veciño de Honra 2009”. Un premio que a entidade otorgou a DF “polo excelente labor de difusión que vén realizando dos proxectos, eventos, demandas e necesidades que temos en Covas”, segundo sinala na acta o xurado. Pola súa banda, o director de DF, Germán Castro, agradeceu a mención recibida sinalando que o normal é que as aparicións en prensa das asociacións garden relación directa co seu dinamismo, manifestando neste senso que “a AVV de Covas vén desplegando un amplo abano de iniciativas de marcado carácter social e cultural que a sitúan entre as máis tenaces e laboriosas da comarca”. No terreo persoal, Germán Castro recoñeceu o valor emotivo que ten o premio e lembrou a súa vinculación coa parroquia na súa infancia e adolescencia.

Onte inaugurouse tamén unha mostra de pinturas de Laura Lago e celebrouse un concurso de sobremesas. A festa continúa esta tarde, ás oito, cunha mexillonada popular en Marmadeiro.



Germán Castro recolleu en representación de DF o premio “Veciño de Honra” LUIS POLO